

ASOCIACIÓN SINDICAL DE VETERINARIOS FUNCIONARIOS



DA XUNTA DE GALICIA

ASVEF (Asociación de Veterinarios Funcionarios de Galicia), en relación ao proceso selectivo convocado pola Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, pola Orde do 31 de marzo de 2017, publicada no DOG de 7 de abril de 2017, pola que se convoca proceso selectivo para o ingreso no Corpo Facultativo Superior de Administración especial da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo A1, **escala de veterinarios**.

EXPÓN:

En maio do 2008 publicouse o Decreto 88/2008, do 30 de abril de 2008, polo que se aproba a oferta de emprego público correspondente a prazas de persoal funcionario e laboral da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2008, no que se ofertaban 48 prazas para a escala de veterinarios. Estas prazas nunca chegaron a convocarse.

No ano 2014 publícase unha nova oferta de emprego público (Decreto 154/2014, do 11 de decembro, polo que se aproba a oferta de emprego público correspondente a prazas de persoal funcionario da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014) na que figuran 7 prazas de veterinarios.

No ano 2015 (Decreto 34/2015, do 5 de marzo, polo que se aproba a oferta de emprego público correspondente a prazas de persoal funcionario e laboral da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2015) recupéranse as prazas perdidas no 2008.

Logo de facerse pública esta OPE, o cronograma dilatouse excesivamente no tempo:

1º. No ano 2015 Función Pública entrega o primeiro borrador do temario, indicando sempre que o proceso selectivo vai ser inminente.

2º. O 25 de novembro de 2015 aparece outro borrador, e non é finalmente ata o 14 de marzo do ano seguinte cando se publica o temario definitivo.

3º. O 7 de abril de 2017, máis dun ano despois, convócase o proceso selectivo (Orde do 31 de marzo do 2017).

4º. O día 9 de febreiro do 2018 noméase o tribunal, que se constituirá o 1 de marzo, pero o 9 de marzo modifícase a súa composición.

5º. Anuncian, o 16 de febreiro de 2018, que está previsto realizar o primeiro exercicio do proceso o 20 de abril, pero só unha semana despois deciden cambialo para o 22 de abril. O 16 de marzo volvese a adiar a data deste exercicio para o 20 de maio (o que obriga a ampliar o prazo para a realización do primeiro exercicio).

6º. Finalmente o exame realízase o día 20 de maio de 2018, pero non é ata o 15 de xuño cando se publican os resultados desta proba.

7º. O 4 de xullo de 2018 faise preciso ampliar o prazo de realización do segundo exame, que finalmente tivo lugar o 28 de xullo. Ata o 5 de outubro non se publican as notas desta proba.

8º. É necesaria unha ampliación do prazo para realizar o terceiro exame (terceira no proceso) para que o 23 de novembro teña lugar a derradeira proba da fase de oposición, o exame de galego, pero

os resultados non se publica ata o 19 de decembro do 2018 (só se presentan dous aspirantes a dito exame).

9º. O 8 de xaneiro do 2019 faise público o procedemento para acreditar os méritos da fase de concurso, cun prazo que remata o 22 de xaneiro, mais non é ata o 6 de agosto de 2019 (máis de seis meses máis tarde), cando se publica o listado coa baremación provisional dos ditos méritos, o cal é publicado no DOG o 2 de setembro de 2019.

10º. Para a publicación da lista definitiva cos méritos da fase de concurso houbo de agardar ata o día 9 de outubro de 2019 para saír publicada no taboleiro de anuncios do proceso selectivo, e facerse efectivo no DOG o día 18 dese mesmo mes.

11º. Novamente agardamos ata o día 17 de decembro do 2019, case un ano despois de publicarse o listado de aspirantes que superaron a fase de oposición do proceso, para que se publique no DOG a resolución pola que se dá publicidade á relación definitiva de aspirantes que superaron o proceso.

Pasados máis de tres anos dende a convocatoria e dous dende a realización dos exercicios, o proceso aínda non rematou, e o martes 6 de outubro publícase no DOG a *Resolución do 1 de outubro de 2020 pola que se convocan para a elección de destino provisional as persoas aspirantes que superaron o proceso selectivo para o ingreso no corpo Facultativo Superior de Administración Especial da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo A1, escala de veterinarios, convocado pola Orde do 31 de marzo de 2017 (Diario Oficial de Galicia número 69, do 7 de abril)*. En dita Resolución se publica o listado de prazas ás que poderán acceder as persoas que superaron o dito proceso selectivo e tamén se indica a maneira de proceder á súa escolla, a través dunha aplicación informática que se abrirá desde o día 13 ata o 23 de outubro.

Dous días máis tarde publícase no DOG unha corrección de erros, eliminando dúas prazas das ofertadas inicialmente na Resolución.

E, a día de hoxe (sobrepasados os 3 días hábiles contados a partir do día seguinte á publicación da resolución no DOG) co prazo de escolla xa aberto, a aplicación informática atópase pechada e sen posibilidade de escoller as prazas. Ademais, ao poñerse en contacto con persoal de Función Pública, se lle informa aos interesados que van desaparecer máis prazas do listado publicado na Resolución, ao que se une que o sindicato CCOO, segundo o mesmo informa, pide que se elimine un número concreto e elevado de prazas do listado, o que sen dúbida prexudica ás persoas que aprobaron un proceso selectivo e que vans ser nomeados funcionarios. Hoxe mesmo, 14 de outubro, se volve a abrir a aplicación e se teñen suprimido 11 prazas máis. Todas estas circunstancias causan unha situación paradoxal na que a maior parte das persoas que acaban de superar o proceso selectivo vaian ter que desprazarse a longas distancias do seu domicilio, incluso con cambios de provincia, cando existen prazas recen cubertas e prazas vacantes por recentes xubilacións no mesmo municipio onde residen

Por todo iso, SOLICITAMOS:

- 1- Se nos informe do motivo de que a aplicación informática se pechara estando xa aberto o prazo segundo a Resolución de 1 de outubro e polo tanto en prazo para escoller.

- 2- Se nos informe da causa de eliminar do listado orixinalmente ofertado na Resolución do 1 de outubro as dúas prazas xa publicadas. E que se nos explique se van desaparecer mais prazas dese listado.
- 3- Se engadan ao listado a maior cantidade posible de prazas que a día de hoxe se atopan vacantes. Dende a publicación do listado en borrador das prazas no verán, xa se produciron varias xubilacións e cambios nas prazas, polo que hai mais prazas vacantes das que había naquel momento que se confeccionou a lista. Dado que se corríxen prazas mediante corrección de erros e por causas descoñecidas hoxe mesmo, poder ser posible engadir outras que estean dispoñibles.
- 4- No caso de non engadir mais prazas se permita aos aprobados no último proceso selectivo, unha vez efectuada a toma de posesión da praza en adscrición provisional, o poder solicitar o traslado ás prazas vacantes xa existentes agora e as que poidan ir saíndo no futuro.
- 5- Débese respectar que as persoas que superasen o proceso selectivo teñan un abanico de prazas máis amplo dado que unicamente se ofertan 64 postos no listado actual para 55 persoas que superaron un proceso selectivo. Somos conscientes de que se debe intentar causar o menor prexuízo aos interinos que ocupan prazas pero tamén respectar o nomeamento de funcionarios e acadar un axeitado equilibrio.

COMITÉ EXECUTIVO DE ASVEF

DIRECTOR DE FUNCIÓN PÚBLICA (CONSELLERÍA DE FACENDA) DA XUNTA DE GALICIA.